



UNIVERSIDADE DE VIGO

DEPARTAMENTO DE ANÁLISE E INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA

TITULACIÓN: ESTUDOS DE XÉNERO E IGUALDADE

**INTERVENCIÓN SOCIAL CON POBOACIÓN EN EXCLUSIÓN SOCIAL:
EXCLUSIÓN SOCIAL DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO**

PROFESORA: Carmen Verde Diego

Facultade de Ciencias da Educación. Campus de Ourense

CONTACTO: Pavillón 2, 2ª planta, despacho nº 2 (2-2-2)

TELÉFONO: 988 387308 FAX: 988387159

CORREO ELECTRÓNICO: carmenverde@uvigo.es

CURSO 2007/2008

CARÁCTER: obrigatorio

CUADRIMESTRE: [primeiro](#)

CARGA LECTIVA: 6 créditos E.C.T.S.

PROGRAMA DA MATERIA

INTERVENCIÓN SOCIAL CON POBOACIÓN EN EXCLUSIÓN SOCIAL: EXCLUSIÓN SOCIAL DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os temas que se desenvolven na materia obrigatoria “*Exclusión social dende a perspectiva de xénero*” forman parte dun Módulo –Cidadanía, Dereitos Cívís e Violencia- destinado a ofrecer, entre outros coñecementos e competencias, aqueles relacionados coa intervención social na exclusión social dende a perspectiva de xénero.

Esta materia tratará de ofrecerlle aos alumnos e alumnas os instrumentos básicos - conceptuais, procedimentais e actitudinais- para o entendemento da realidade social sobre a que teñen que intervir e aqueles outros necesarios para levar a cabo intervencións sociais dende un punto de vista profesional; isto é, pretende ofrecerlles coñecementos e capitalos en relación ós modelos, métodos e técnicas necesarios nunha intervención planificada (non soamente motivada pola “boa vontade”).

A materia constará de catro partes: a primeira relacionada co coñecemento da “exclusión social” e, en particular, da “exclusión social dende o punto de vista do xénero”. A segunda parte está pensada para presentar os fundamentos teóricos e metodolóxicos específicos da intervención social na exclusión social (modelos, métodos e técnicas). A terceira parte está destinada ao desenvolvemento práctico dun “taller de intervención social”, translación da teoría presentada ate ese momento que se plasmará na execución práctica de cómo intervir cos colectivos de mulleres excluídas socialmente dende unha perspectiva de xénero. Por último, e en cuarta lugar, ofrecerase un achegamento mais profundo e pormenorizado dun grupo específico de mulleres excluídas ou en alto risco de exclusión social, isto é, o colectivo de mulleres inmigrantes.

Comezaremos, pois coa **EXCLUSIÓN SOCIAL**. Teremos que saber de quen se fala cando se identifican as “persoas en risco de exclusión social” e/ou excluídas socialmente, e en particular, qué tipo de factores arrastran aos individuos á exclusión social, cales son as características comúns das persoas excluídas, etc.

Son moitos os tipos de persoas que acaban por engrosar as filas da exclusión social. Aquí preténdese abordar a **EXCLUSIÓN SOCIAL DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO** utilizando o sistema sexo-xénero como criterio básico de análise dos colectivos excluídos.

O resultado desta indagación -estructural e transversal- levaranos a visibilizar ás persoas que sofren maior exclusión social dentro dos colectivos de excluídos, as **MULLERES**: mulleres pobres, mulleres con discapacidade, mulleres ao cargo de familias monoparentais (xefas de fogar), mulleres vítimas de violencia de xénero, mulleres inmigrantes e/ou estranxeiras, mulleres pertencentes a minorías étnicas, mulleres presas e ex-reclusas, mulleres traballadoras do sexo, mulleres transeúntes, mulleres en fase de reasignación sexual, etc.

Non podemos abordar de forma detallada e minuciosa a intervención social con *todos* estes *tipos* de mulleres excluídas, nin é tampouco necesario dado que o estudio de moitos dos grupos citados se desenvolve ao longo deste Posgrao noutras materias. Así que, dadas as limitacións temporais, e para non ser redundantes, despois dunha presentación xeral sobre a exclusión social e a diversidade de mulleres que a padecen, así como das teorías e metodoloxías necesarias para a intervención social con estas mulleres, deterémonos máis especificamente, na cuarta parte da materia, nun grupo específico: as mulleres inmigrantes; como exemplo paradigmático dos colectivos de mulleres que sofren exclusión social.

Pero antes de chegar a ese punto debemos resaltar que a finalidade dos análises que se realizan neste curso sobre a exclusión social dende a perspectiva de xénero e, en particular, en torno ás mulleres inmigrantes, non é o simple entendemento e comprensión teórica da exclusión social senón *o coñecemento para a acción* e, de seguido, *a acción para a transformación social*. E isto é así porque unha das características esenciais que posúe a “intervención social” (en especial a practicada polo Traballo social) é a súa **INTENCIONALIDADE TRANSFORMADORA**.

Este curso non pretende, pois, soamente, examinar as situacións de necesidade, as eivas e dificultades imposibles de superar sen axuda profesional especializada, senón que trata de analizar a realidade social co obxecto último de transformala ao servizo do incremento da calidade de vida das persoas e do benestar social da sociedade, e no que aquí nos incumbe, pretende transformala en aras a alcanzar maiores cotas de igualdade.

Isto lévanos a segunda e a terceira parte da materia: a **INTERVENCIÓN SOCIAL** e a **APRENDIZAXE DE MODELOS, MÉTODOS E TÉCNICAS ESPECÍFICAS** para intervir socialmente.

Neste curso imos a entender, en sentido amplo, por **INTERVENCIÓN SOCIAL** aquelas accións realizadas sobre situacións **individuais**, de **grupo** e **comunitarias** que, dalgún xeito,

necesitan de **axuda técnica especializada**, para acadar certo grado mínimo de “normalidade” nunha *sociedade de benestar* fundamentada na xustiza social.

O termo “normalidade”, aplicado as situacións vitais e sociais que viven persoas e/ou grupos ou comunidades, aparece xa como un concepto complexo que teremos que de-construír dende unha perspectiva crítica para profundar sobre qué tipos de circunstancias se contemplan “normais” ou “anormais” no marco *benestarista* occidental e cales, a partir desta clarificación previa, son desexables promover.

Non podemos continuar sen subliñar, polo tanto, que **NON EXISTE INTERVENCIÓN SOCIAL SEN IDEOLOXÍA**, ou dito doutra maneira: **NON EXISTE PRÁCTICA/ACCIÓN SOCIAL SEN TEORÍA**.

Cada unha das actuacións profesionais desenvoltas no que denominamos “intervención social” está cargada ideoloxicamente xa que as accións sociais están baseadas en Teorías que fundamentan a acción práctica.

Non é posible, polo tanto, intervir con “neutralidade” ideolóxica, polo demais inexistente. Cada intervención social, por pretendidamente aséptica que desexase ser, comporta toda a servidume das teorías nas que se asenta: teorías que rachan a realidade en funcional e disfuncional; que dividen a comprensión do mundo en binomios antitéticos nos que predomina a visión androcéntrica da realidade; teorías que interpretan a “normalidade” ao servizo do poder patriarcal...

Compre de-construír as raíces ideolóxicas dos fundamentos teóricos sobre os que se asenta a intervención social para poder propoer actuacións profesionais libres de sesgos sexistas e realmente liberadoras para os homes e as mulleres que sofren situacións de carencia ou de exclusión social.

Imos afondar pois na **teoría** e na **metodoloxía específica** que se necesita coñecer para afrontar unha intervención social levada a cabo por diferentes PROFESIONAIS¹ que realizan a súa labor dende distintos ÁMBITOS² con grupos específicos de mulleres excluídas socialmente.

¹ Cando aquí se fala de **PROFESIONAIS** estase a pensar especialmente en traballadores sociais, educadores sociais, técnicos en integración social, técnicos en igualdade, mediadores familiares, escolares, interculturais, etc., pero poderíamos ampliar este listado a todos aqueles que usan a intervención profesional como instrumento para modificar ou transformar a realidade social que viven individuos e/ou grupos

² A intervención social levada a cabo polos diferentes profesionais sociais pode realizarse dende distintos **ÁMBITOS** que comezaremos por dividir en público e privado. No **ámbito público** soe desenvolverse nalgúns dos *sistemas de protección social* os cales teñen dereito os cidadáns dos Estados de Benestar, en especial, dende os **Servicios sociais**. No **ámbito privado**, a intervención social é levada a cabo por profesionais sociais especialmente dende o Terceiro sector (entidades sen ánimo de lucro

Abórdanse aquí especialmente as teorías que sustentan o proceso de planificación da intervención (segunda parte da materia) e a súa implementación na práctica (terceira parte da materia) que se desenvolverá a través dun taller onde as alumnas e alumnos do Posgrao poderán poñer en práctica os coñecementos, procedementos e habilidades aprendidas ate ese momento.

Como xa se indicou mais arriba, a materia finaliza coa afondando na análise dun colectivo específico de mulleres, as mulleres inmigrantes e/ou estranxeiras que, como ben sinala Sonia Parella, reúnen en si mesmas varias realidades que provocan a súa triple discriminación: por seren mulleres, por seren traballadoras e por seren inmigrantes.

2. Obxectivos

2.1 Obxectivos xerais

- ✓ Coñecer e reflexionar sobre os contidos relacionados coa exclusión social e, en particular, coa exclusión social dende unha perspectiva de xénero.
- ✓ Afondar no coñecemento dalgúns dos colectivos de exclusión social dende unha perspectiva de xénero: mulleres pobres, mulleres con discapacidade, mulleres inmigrantes, mulleres pertencentes a minorías étnicas, mulleres presas e ex-reclusas, mulleres traballadoras do sexo, etc.
- ✓ Profundar no coñecemento das discriminacións que sofren, por razón de xénero as mulleres inmigrantes
- ✓ Coñecer a fundamentación teórica e metodolóxica necesaria na intervención social por parte dos profesionais sociais cos colectivos mencionados
- ✓ Promover unha mirada crítica ante as realidades sociais e fronte ó xeito de procurarlle solucións aos problemas dos colectivos mencionados.
- ✓ Capacitar para a reflexión permanente e sistemática sobre a intervención social dende unha perspectiva de xénero
- ✓ Potenciar as habilidades e actitudes para unha correcta relación profesional con mulleres excluídas socialmente; en especial para devolverlles a estas a súa propia voz e os seus discursos.
- ✓ Fomentar un talante de respecto na relación profesional.

como ONGs, asociacións de afectados, etc.) pero tamén dende empresas con ánimo de beneficio que se teñen especializado en ofrecer servizos que precisan de intervención social especializada.

- ✓ Desenvolar habilidades para o traballo en equipo multidisciplinar e interdisciplinar, así como o traballo en organizacións relacionadas coa intervención social en exclusión social.
- ✓ Promover o interese e a capacitación para a análise, a procura de información, a síntese, a presentación en público de traballos e informes, etc.
- ✓ Orientar na toma de decisións e nos posibles conflitos éticos relacionados coa intervención profesional ante a exclusión social.

2.2 Competencias académicas e profesionais

2.2.1 Competencias instrumentais (saber e saber facer)

- Coñecer os fundamentos teóricos –procedentes das Ciencias sociais- que definen e interpretan o concepto de exclusión social dende a categoría de xénero.
- Coñecer e discriminar os diferentes modelos, métodos e as técnicas máis idóneos na intervención profesional con colectivos excluídos socialmente.
- Saber cómo intervir metodoloxicamente con distintos colectivos (a partir dun modelo específico) ante diferentes problemáticas.
- Ser competente na aplicación de técnicas específicas en cada intervención profesional.
- Saber discriminar e usar as diferentes técnicas na intervención profesional.
- Comprender os límites éticos da relación do profesional da intervención social coa poboación en exclusión social.

2.2.2 Competencias interpersoais (saber ser e saber estar)

- Levar a práctica actitudes de relación interpersoal e profesional.
- Desenvolver habilidades de comunicación interpersoal.
- Aprender a traballar nun equipo multidisciplinar e/ou interdisciplinar.
- Recoñecer a diversidade, a diferenza e a multiculturalidade como fonte de crecemento persoal e social.
- Manter unha actitude de autocrítica, aberta á disparidade de opinións, á tolerancia e á innovación.

- Tratar con respecto aos usuarios/clientes da intervención profesional, aplicando os principios éticos ligados á intervención social, en especial, o de autodeterminación e a confidencialidade.
- Respetar escrupulosamente o segredo profesional na intervención profesional.

2.2.3 Competencias sistémicas

- Ser competente para presentar un discurso, memoria, traballo de xeito oral e escrito, coa terminoloxía axeitada que se espera neste nivel de formación.
- Ser competente para adaptarse a situacións novas.
- Ser competente para desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor.
- Aprender autónomamente, de xeito crítico e continuado (actualización permanente e investigación).
- Desenvolver actitudes para incrementar a sensibilidade persoal cara ás temáticas de concienciación social.

3.- Bloques e temas de contido

3.1 Descritores da materia

BLOQUE I. A EXCLUSIÓN SOCIAL. O proceso da exclusión social: concepto, factores, colectivos en risco de exclusión e/ou excluídos socialmente

- 1.- Aclaración conceptual: marxinação social, exclusión social, pobreza.
- 2.- Factores e características que inciden na exclusión social.
- 3.- Colectivos/Poboación en risco de exclusión social. Problemas fundamentais das persoas excluídas.
- 4.- A exclusión dende a perspectiva de xénero.
- 5.- Mulleres en exclusión social. Características e problemas:
 - Mulleres Pobres.
 - Mulleres ao cargo de familias monoparentais (xefas de fogar).
 - Mulleres vítimas de violencia de xénero.
 - Mulleres con discapacidade.
 - Mulleres inmigrantes e/ou estranxeiras.

- Mulleres pertencentes a minorías étnicas.
- Mulleres presas e ex-reclusas.
- Mulleres traballadoras do sexo.
- Mulleres transeúntes.
- Mulleres en fase de reasignación sexual, etc.

BLOQUE II. Fundamentación teórico-metodolóxica da intervención social: mirando as teorías dende as prácticas.

1.- Modelos de intervención social dende o Traballo social.

As relacións teoría práctica *versus* práctica teoría en Traballo social.

Dos métodos aos modelos en Traballo social.

A intervención individual e familiar, grupal e colectiva (comunitaria).

Unha aproximación aos diferentes modelos (psicodinámicos; intervención en crise e o centrado na tarefa; conductistas; de sistemas e ecolóxicos; socio-psicolóxicos e de comunicación; humanistas e existenciais; cognitivos).

Os enfoques radicais e marxistas. As estratexias de defensa e potenciación.

2.- A intervención social dende unha perspectiva de xénero e a loita contra a exclusión.

As dificultades da identificación dos procesos de inclusión-exclusión en mulleres e homes.

¿Quén son estas mulleres?. ¿De quen estamos a falar? ¿Cómo nomealas?. Mulleres en situación de risco, excluídas, vulnerables, pobres, marxizadas, con especiais dificultades...

3.- Metodoloxía da intervención social desde o traballo social feminista e non sexista.

4.- A intervención social con mulleres excluídas.

Dende ónde actuamos. Os longos e complicados procesos. A combinación entre obxectivos alcanzables cos esixibles. A necesaria adecuación dos tempos aos procesos. As avaliacións dende os medios utilizados.

BLOQUE III. Taller de intervención social.

1.- Igualdade e Cidadanía ou cidadanía en igualdade

2.- A intervención social dende unha perspectiva de xénero

3.- Planificar a intervención social

4.- Implementar proxectos sociais dende unha perspectiva de xénero

5.- Eivas e oportunidades

6.- Claves para a práctica. Procedementos. Técnicas. Habilidades.

BLOQUE IV. A exclusión social das mulleres inmigrantes.

1. Da marxinalidade da muller nas Ciencias Sociais á necesidade de revisar os modelos teóricos sobre migracións internacionais desde una perspectiva de xénero.

2.- O estudo da inmigración desde a perspectiva de xénero

2.1. A feminización da pobreza e a feminización da inmigración

2.2. A perspectiva da interseccionalidade. O cruce das desigualdades múltiples como marco de análises dos patróns de exclusión social da poboación inmigrante en Europa.

2.3. A internacionalización da reprodución e a feminización da inmigración. As especificidades da situación laboral da muller inmigrante no sur de Europa.

2.5. Unha aproximación ás traxectorias laborais da poboación inmigrante e as súas determinantes desde unha perspectiva de xénero

2.4. A perspectiva transnacional, familias e xénero

3.- Os riscos de exclusión social das mulleres inmigrantes. Unha mirada desde as políticas públicas

4.-Unha aproximación ao perfil das mulleres inmigrantes en Cataluña.

A feminización da pobreza e a feminización da inmigración. A internacionalización da reprodución e a feminización da inmigración. As especificidades da situación laboral da muller inmigrante no sur de Europa. A perspectiva transnacional, familias e xénero. Exclusión social das mulleres inmigrantes. Perfil das mulleres inmigrantes en Cataluña.

4. Metodoloxía e estratexias de aprendizaxe

4.1 Metodoloxía docente

Dados os obxectivos xerais formulados, os principios metodolóxicos fundamentais serán os de motivación, participación e actividade. Fomentarase o traballo en equipo que facilitará o debate, a crítica construtiva e a busca de solucións conxuntas a través da aprendizaxe cooperativa e as dinámicas de grupo. Isto unido ao traballo individual do alumno/a, ás discusións froito da visita de especialistas, aos *estudo de caso* e ás postas en común no grupo-clase axudará a cimentar os coñecementos e aclarará posibles dúbidas.

Estas estratexias levan consigo unha aprendizaxe por descubrimento onde o/a profesor/a actuará como guía e axuda, tanto bibliográfica como naqueles aspectos que o alumnado lle presenten como dificultosos; en especial a aplicación da teoría á práctica profesional e a implementación dos principios éticos na intervención profesional. Isto será combinado con traballos expositivos tanto por parte docente como discente.

As estratexias de aprendizaxe quedan estruturadas da seguinte forma:

a).- Clases presenciais (teóricas e prácticas)

As sesións teóricas realizaranse coa totalidade dos/as alumnos/as que constitúen o grupo-clase. As clases desenrolaranse a partir da exposición maxistral dos contidos conceptuais da materia, así como a través de actividades prácticas especialmente destinadas a desenrolar contidos actitudinais e procedimentais que capaciten ó alumnado e o doten das competencias necesarias para, no futuro, ser capaces de traballar no ámbito da intervención profesional coa exclusión social.

Estas actividades prácticas son variadas:

- Lectura e análise de artigos e/ou libros
- debates dirixidos,
- estudo de casos,
- xogos de roles,
- exposicións orais,
- visión de documentais e películas,
- talleres
- outras actividades que poidan xurdir circunstancialmente (visita dun/ha investigador/a estranxeiro/a, presentación dunha ONG, servizo, programa de especial relevancia para o tema...)

b).- Clases non presenciais

Titorías grupais

Mediante elas preténdese a información e o asesoramento para a realización dos traballos grupais, exposicións publicas, xogos de roles, procura de información temática en Internet ou en institucións, ou problemáticas comúns a un grupo de alumnos/as.

Tutorías individuais

Mediante elas preténdese informar e asesorar individualmente ao alumnado, tanto academicamente –no que respecta a lecturas, traballos, procura bibliográfica, recursos específicos, etc. - como profesionalmente e persoalmente.

c) Principios de procedemento ou de actuación docente

- Establecer un contexto favorable na aula para o desenvolvemento de debates críticos, o respecto a diferenza, a cooperación, a procura do consenso, e a resolución de problemas.
- Animar os estudantes á reflexión crítica, a procura de información, a actualización permanente, á búsqueda de bibliografía e recursos, e á investigación.
- Adoptar –a docente- o rol de facilitadora de recursos, moderadora, e guía da aprendizaxe e non só exercer o papel de transmisora de contidos.

4.2 Estratexias de aprendizaxe. Orientacións ao alumnado

- Manexo de fondos bibliográficos
- Procura informática de datos
- Dinámicas de grupo
- Xogos de rol
- Estudos de caso
- Elaboración e exposición de traballos
- Análise de textos e de material audiovisual: documentais, films...
- Asesoramento académico e profesional.

5. Plan de traballo do alumnado. Especificación do tempo de aprendizaxe aproximado

(O plan de traballo pode sufrir algunha variación atendendo a circunstancias non previstas)

O desenvolvemento desta materia comprende tanto a participación activa do alumnado na presentación de temas en clases maxistras por parte dos docentes como o seu obrigado compromiso a realizar aquelas actividades prácticas de aula -ou pola súa conta- que se lle encomenden. Así, por unha banda terá que “seguir” as clases maxistras pero, por outro lado,

tamén ten que participar activamente no taller do Bloque III e realizar traballos individuais e/ou en grupo nas modalidades que lle soliciten as profesoras.

6. Bibliografía e recursos

Bibliografía Básica sobre “exclusión social das mulleres”

- CALVO SALVADOR, ADELINA; GARCÍA LASTRA, MARTA; SUSINOS RADA, TERESA (eds.), (2006), *Mujeres en la periferia. algunos debates sobre género y exclusión social*. Barcelona, Icaria Editorial.
- CASTEL, ROBERT (1995), “De la exclusión como estado a la vulnerabilidad como proceso.” *Archipiélago* 21, pp.27-37.
- GARCÍA ROCA, J. (1995). *Contra la exclusión: responsabilidad política e iniciativa social*. Santander: Sal Terrae.
- GARICA DE LA CRUZ, J. J. (2004). *El espejo social de la mujer con gran discapacidad Barreras sociales para retomar la vida normal*. Madrid. Fundamentos.
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M^aDEL MAR (2000), *Monoparentalidad y exclusión social en España*. Sevilla, Iniciativa Comunitaria Integra.
- HERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, G. (1996): “Situación económica de las mujeres en Galicia”. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- IGLESIAS DE USSEL, J. (1989): “Indicadores de la población y la familia”. *Seminario Indicadores Sociales sobre la situación de la mujer*. Madrid, Instituto de la Mujer.
- INSTITUTO DE LA MUJER (1990): “Situación socioeconómica de las mujeres divorciadas y separadas españolas”. Madrid, Ministerio de Asuntos Sociales.
- JULIANO, Dolores (2004) *Excluidas y marginales. Una aproximación antropológica*. Edit. Catedra. Universitat de Valencia. Instituto de la Mujer. Madrid.
- LEAL, J. y CORTÉS, L. (1993): “Desigualdades sociales según género y edad”. *La desigualdad en España*. Madrid, Universidad Autónoma de Madrid, Informe del Instituto Universitario de Sociología de Nuevas Tecnologías, Tomo II.
- MADRUGADA TORREMOCHA, I. (1999): “Condiciones de la vida de los hogares pobres encabezados por una mujer”. *Pobreza y Género*. Madrid, Fundación FOESSA y Cáritas.
- MORENO, L. (2000): “Ciudadanos precarios. La última red de protección social”. Barcelona, Ariel.

* **PARRILLA, LATAS Angeles (Investigadora Principal: 2002-2004), *La construcción del proceso de exclusión social en las mujeres: origen, formas, consecuencias e implicaciones formativas*. Investigación realizada por las Universidades de Sevilla y de Cantabria. Instituto de la Mujer. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. En red.**

Bibliografía Básica sobre “Intervención social”

- AA.VV. (2004), *Trabajo social con grupos. Modelos de intervención*. Madrid, Narcea.
- BALLESTER,, R. Y GIL, M^a D. (2001), *Habilidades sociales*, Madrid, Síntesis.
- BAÑÉZ TELLO, Tomasa. (1997) “Género y Trabajo Social”. *Acciones e investigaciones sociales*, X, N^o 6, (Ejemplar dedicado a: Protección social), pp. 151-188.
- BARBERO GARCÍA, J.M. y CORTÉS IZQUIERDO, F. (2005), *Trabajo comunitario, organización y desarrollo social*. Madrid, Alianza.
- BREZMES NIETO, M. (2001), *La intervención en el Trabajo social. Una introducción a la práctica profesional*, Madrid, Ed. Hespérides.
- BROWN, A. (1988) *Treball de grup*. Barcelona. Ed. Pòrtic. INTRESS.
- CAMPANINI, A. M.^a y LUPPI, F. (1991), *Servicio Social y modelo sistémico*. Barcelona, Paidós.
- DEL VALLE, T. (1997) *Andamios para una nueva ciudad. Lecturas desde la antropología*. Madrid. Cátedra. Universitat de València. Instituto de la Mujer.
- DOMINELLI, L. y MacLEOD, E. (1999), *Trabajo Social Feminista*. Madrid. Cátedra. Universitat de València. Instituto de la Mujer.

- ELKAIN, M. y otros (1989), *Las prácticas de la terapia de red*. Barcelona, Gedisa.
- ESCARTÍN, M.^a J. (1992), *Manual de trabajo social, modelos de práctica profesional*. Alicante, Aguaclara.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, F. (2002), *La intervención profesional en Trabajo social: Supuestos prácticos I*. Málaga, CODTS Málaga.
- GARCÍA HERRERO, G. y RAMÍREZ NAVARRO, J. M. (1996), *Diseño y evaluación de Proyectos Sociales*. Zaragoza, Certeza.
- GENOLET, A. LERA, C. DAS BIAGGIO, N. GELSI, C. MUSSO, S. (1997) *Trabajo Social y Genero*. Universidad Nacional de Entre Rios. Facultad de Trabajo Social de Paraná.
- GRACIA FUSTER, E. (1997), *El apoyo social en la intervención comunitaria*. Barcelona, Paidós.
- HEALY, K (2001), *Trabajo Social: perspectivas contemporáneas*. Madrid, Morata.
- HILL, R. (1982), *Metodología básica en Servicio Social*. Buenos Aires, Humánitas.
- LILLO, N. y ROSELLÓ, E. (2001), *Manual para el trabajo Social Comunitario*. Madrid, Narcea.
- * LÓPEZ MÉNDEZ, Irene (2007), *El enfoque de género en la intervención social*. Cruz Roja. En red.
- MALAGÓN BERNAL, J. L. (1999), *Fundamentos del Trabajo Social Comunitario*. Sevilla, Aconcagua.
- MARCHIONI, M. (2001) *Comunidad, participación y desarrollo. Teoría y metodología de la intervención comunitaria*. Madrid. Edit. Popular.
- MARTÍNEZ MARTÍNEZ, M^a JOSÉ (2005): *Modelos teóricos del trabajo social*. Murcia, Diego Marín.
- MARTÍNEZ MARTÍNEZ, M^aJOSÉ (Comp.) (2000), *Para el Trabajo Social*. Granada, Maristán.
- MARTÍNEZ SÁNCHEZ, A. y MUSITU OCHOA, G. (eds) (1995), *El estudio de casos para profesionales de la Acción Social*. Madrid, Narcea.
- NAVARRO PEDREÑO, SILVIA (2004), *Redes sociales y construcción comunitaria. Hacia una acción ecológica*. Madrid, ed. CCS.
- NAVARRO, V. (2002) *Bienestar insuficiente, democracia incompleta. Sobre lo que no se habla en nuestro país*. Barcelona. Anagrama.
- PAYNE, M. (1995), *Teorías Contemporáneas del Trabajo Social*. Barcelona, Paidós.
- RANQUET, M. du (1996), *Los modelos en Trabajo social. Intervención con personas y familias*. Madrid, Siglo XXI.
- ROBERTIS, C. DE y otros (1988), *Metodología de la Intervención en Trabajo Social*. Buenos Aires, Ateneo.
- ROBERTIS, C. DE y otros (1995), *Intervención colectiva en Trabajo Social*. Buenos Aires, Ateneo.
- ROSSELL, T. (1998), *La entrevista en Trabajo Social*. Barcelona, EUGE, Biblaria.
- SOYDAN, Haluk. 2004. *La historia de las ideas en el trabajo social*. Consejo General Diplomados Trabajo Social y Asistentes Sociales. Tirant lo Blanch. Valencia.
- TREVITHICK, P. (2002), *Habilidades de comunicación en intervención social. Manual Práctico*. Madrid, Narcea.
- VISCARRET, Juan Jesús (2007) *Modelos y métodos de intervención en Trabajo Social*. Madrid. Alianza Editorial

Bibliografía Básica sobre migración, “migración e xénero” e “intervención social con migración”

- ABDELAZIZ MALIKA (2004), «Intervención con mujeres inmigrantes» en ABDELAZIZ, M., CUADROS, A., GAITÁN, L. (2004), *La intervención social con colectivos inmigrantes*. Madrid, Universidad Pontificia de Comillas; pp.85-125.
- AGUSTÍN, Laura M^a (2005), *Trabajar en la industria del sexo y otros tópicos migratorios*. San Sebastián, Gakoa Editores.
- BECK-GERNSHEIM, ELISABETH (2001), “Mujeres migrantes, trabajo doméstico y matrimonio. Las mujeres en un mundo en proceso de globalización”. En BECK-GERNSHEIM, E.; BUTLER; PUIGBERT (2001), *Mujeres y transformaciones sociales*. Barcelona, El Roure; pp.59-76.
- BLANCO, C. (2000), *Las migraciones contemporáneas*. Madrid, Alianza.
- BLANCO LAMARCA, M. (2002), *Inmigración en femenino*. Sin lugar, CITE-GALICIA e Consellería de Familia e Promoción de emprego, Muller e Xuventude.
- COLECTIVO IOÉ (2001), *Mujer, inmigración y trabajo*. Madrid, IMSERSO.
- GARCÍA-MINA, ANA; CARRASCO, M^a JOSÉ (eds.) (2002), *Cuestiones de género en el fenómeno de las migraciones*. Madrid, Universidad Pontificia de Comillas.
- GREGORIO GIL, C. (1998), *Migración femenina: su impacto en las relaciones de género*. Madrid, Narcea.
- JULIANO, DOLORES (1996), "Marginación de la mujer inmigrante." En VV.AA (1996), *La mujer marginada, cuestión de género, no de sexo*. Madrid, PS. Edit.
- JULIANO, DOLORES (2001), *La prostitución: el espejo oscuro*. Barcelona, Editorial Icaria.
- JULIANO, DOLORES (2004), *Excluidas y marginales. Una aproximación antropológica*. Madrid, Editorial Cátedra.

- LAPARRA, M. (ed.) (2003): *Extranjeros en el purgatorio. Integración social de los inmigrantes en el espacio local*. Barcelona, Bellaterra.
- MANZANO, C. (1999). *El grito del otro: arqueología de la marginación racial: la discriminación social de las personas inmigrantes extracomunitarias desde sus vivencias y percepciones*. Madrid, Tecnos.
- MARTÍN MUÑOZ, GEMA; LÓPEZ SALA, ANA (2003), *Mujeres Musulmanas en España. El caso de la inmigración marroquí*. Madrid, Instituto de la Mujer.
- MARTÍN PALOMO, M^ªTERESA; MIRANDA LÓPEZ, M^ªJESÚS; VEGA SOLÍS, CRISTINA (2005), *Delitos y fronteras: mujeres extranjeras en prisión*. Madrid, Ed. Complutense.
- NASH y MARRE (2001) *Multiculturalismos y género. Un estudio interdisciplinar*. Barcelona, Bellaterra; pp.87-115.
- OSBORNE, RAQUEL (Ed.) (2004), *Trabajador@s del sexo: derechos, migraciones y tráfico en el siglo XXI*. Barcelona, Bellaterra.
- OSO, L. (1998), *La migración hacia España de mujeres jefas de hogar*. Madrid, Instituto de la Mujer.
- PARELLA RUBIO, SONIA (2002), "La internacionalización de la reproducción. La inserción laboral de la mujer inmigrante en los servicios de proximidad." Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona. *Departament de Sociologia*.
- PARELLA RUBIO, SONIA (2004), *Mujer, inmigrante y trabajadora: la triple discriminación*. Barcelona, Anthropos.
- RAMÍREZ FERNÁNDEZ, ANGELES. (1998), *Migraciones, género e Islam: mujeres marroquíes en España*. Madrid, Agencia española de Cooperación internacional AECI.
- RIBAS MATEOS, NATALIA (1999), *Las presencias de la inmigración femenina: un recorrido por Filipinas, Gambia y Marruecos en Cataluña*. Barcelona, Icaria.
- RIBAS MATEOS, NATALIA; ALMEDA, ELISABET; BODELÓN, ENCARNA (2005), *Rastreado lo invisible. Mujeres extranjeras en las cárceles*. Barcelona, Anthropos.
- SOLANA, J.L. (2003), *Prostitución, tráfico e inmigración de mujeres*. Granada, Comares.
- SOLÉ, C. (1994): *La mujer inmigrante*. Madrid, Instituto de la Mujer.
- VV.AA.(1999), *Poblaciones y Bienestar*. Zaragoza, Mira Editores.

7. Outros recursos (posibles):

- Materiais didácticos escritos. Prensa actualizada
- Páxinas WEB: en especial as do **SGI** (Xunta de Galicia) e as do **Instituto de la Mujer**.
Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- Materiais en Transparencias e en PowerPoint.
- Materiais audiovisuais: documentais e films
- Expertos e profesionais da intervención social no ámbito da exclusión social

8. Avaliación dos procesos e resultados de aprendizaxe. Criterios de avaliación

A avaliación está deseñada en función das seguintes características: formativa, continua, integral e final. Polo tanto, afecta a todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Avaliaranse a madurez e o rigor co que se afronten as diferentes actividades (debates, xogos de rol, talleres,

etc.) e a calidade dos traballos realizados (un traballo mínimo por estudante). No curso estableceranse as datas de entrega dos mesmos.